



ACTA DO XURADO DO VII PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE POESÍA

Na Sala A da Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela, sendo as 18:00h. do 14 de xaneiro do 2019, reuniuse o xurado do VII Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, constituído por Luís Cochón, en calidade de presidente, e os vogais María Lado, Mercedes Queixas, Luís Valle e Armando Requeixo, amais de por Carmen Carreiro, presidenta da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe, que actuou como secretaria con voz e sen voto.

Logo da correspondente deliberación, o xurado decidiu outorgar por maioría o premio ao poemario presentado baixo o título *Fornelos & Fornelos: terceira fundación*, texto que se impuxo aos outros corenta e un traballos presentados e que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de Xerardo Quintiá.

O xurado estimou a capacidade do autor para construír un universo lírico, enraizado na mellor tradición literaria occidental sen allearse das vizosas raíces do noso herdo poético. Salientou, amais, a súa sólida arquitectura, a forza das imaxes e o celmoso do seu léxico, razóns todas que fan deste poemario un texto de grande altura literaria.

Asinan a presente, ás 19:30, no lugar amentado,

Carmen Carreiro Montero
Presidenta AC O Cruceiro da Laxe

Luís Cochón Touriño
Presidente do xurado

Mercedes Queixas Zas
Vogal

Armando Requeixo
Vogal

María Lado
Vogal

Luís Valle
Vogal